



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA




INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

Xaneiro 2023

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2023

Instituto Galego de Estatística
Complejo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xaneiro en Galicia un incremento do 20,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa superior en máis de 15 puntos á do mes de decembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 12,9%, 1,7 puntos máis que no mes anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de xaneiro.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 1,2% e en España un 1,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En doce comunidades autónomas aumenta o persoal ocupado no mes de xaneiro.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xaneiro en Galicia un incremento do 20,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa máis de 15 puntos superior á do mes de decembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 12,9%, 1,7 puntos máis que no mes anterior.



O *Comercio*, cun incremento do 22,9%, suma 16,8 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 15,8% e achegan 4,2 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* crece o 12,5% e nos *Outros servizos* o 14,0%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* crece o 27,7%, co que achega 14,7 puntos a taxa de variación do índice xeral, a *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta un 5,4% e o *Comercio ao retalho* un 10,9%. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* aumenta o 10,5%, o *Comercio ao retalho* o 14,3% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 21,9%.

Os *Outros servizos* incrementan a cifra de negocios en Galicia o 15,8%. Todos os sectores rexistran incrementos na súa facturación. Os maiores crecementos prodúcense en: *Transporte* (18,1%), *Hostalería* (20,2%) e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (17,2%).

En España, os *Outros servizos* crecen o 14,0%. Todos os sectores rexistran taxas positivas. Os maiores incrementos prodúcense na *Hostalería* (26,8%), *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (14,8%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (17,6%).

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 16,2% no mes de xaneiro.


Os sectores que máis contribúen a este incremento son: o *Comercio*, cun crecemento do 18,0% co que achega 7,9 puntos e o *Transporte*, que cunha taxa do 17,6% suma 4,0 puntos a taxa de variación anual. En senso contrario, as *Actividades administrativa e servizos auxiliares* diminúen un 1,4%.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 17,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 14,3%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de xaneiro aumenta a cifra de negocios en todas as comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os maiores crecementos danse en Canarias (28,3%), Illes Balears (25,4%) e Galicia (20,9%). O menor incremento rexístrase en Extremadura (3,8%).

Índices de cifra de negocios. Xaneiro 2023

Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado


2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,2% respecto ao mes de xaneiro de 2022, 0,5 puntos menos que en España (1,7%).

O persoal ocupado crece un 1,1% no *Comercio* e un 1,3% nos *Outros servizos*. Os maiores incrementos danse na *Hostalería* (6,3%) e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (3,5%)

mentres que rexistran taxas negativas a *Venta e reparación de vehículos de motor* (-2,9%), o *Transporte* (-1,6%) e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-3,5%).

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores agás nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-1,2%). Os maiores crecementos rexístranse en *Información e comunicacións* (5,0%) e *Hostalería* (3,9%).




2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Doce comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de xaneiro con respecto ao mesmo mes do ano 2022.

As taxas máis elevadas rexístranse en Illes Balears (6,3%) e Canarias (3,7%). As comunidades que perden mais persoal ocupado son Cantabria (-1,6%) e Aragón (-1,0%).

Índices de persoal ocupado. Xaneiro 2023

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Xaneiro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	168,1	20,9	20,9
Comercio	165,9	22,9	22,9
Venta e reparación de vehículos de motor	102,8	5,4	5,4
Comercio por xunto	187,5	27,7	27,7
Comercio ao retalho	126,5	10,9	10,9
Outros servizos	174,4	15,8	15,8
Transporte	267,2	18,1	18,1
Hostalería	92,8	20,2	20,2
Información e comunicacións	116,4	2,3	2,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	142,1	17,2	17,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	95,1	8,7	8,7
España			
Xeral	135,5	12,9	12,9
Comercio	142,6	12,5	12,5
Venta e reparación de vehículos de motor	126,1	21,9	21,9
Comercio por xunto	151,9	10,5	10,5
Comercio ao retalho	129,8	14,3	14,3
Outros servizos	122,3	14,0	14,0
Transporte	135,0	11,3	11,3
Hostalería	97,0	26,8	26,8
Información e comunicacións	118,0	7,6	7,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	136,3	14,8	14,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	113,9	17,6	17,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir de datos suministrados por INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Xaneiro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	143,3	16,2	16,2
Comercio	150,8	18,0	18,0
Transporte	207,4	17,6	17,6
Hostalería	98,0	20,2	20,2
Información e comunicacións	123,5	3,4	3,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	143,4	20,7	20,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	103,0	-1,4	-1,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir de datos suministrados por INE

Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Xaneiro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	135,5	12,9	12,9
Andalucía	135,5	17,2	17,2
Aragón	133,8	14,4	14,4
Asturias	129,4	9,6	9,6
Baleares, Illes	94,6	25,4	25,4
Canarias	133,6	28,3	28,3
Cantabria	141,6	12,3	12,3
Castilla y León	122,2	12,6	12,6
Castilla-La Mancha	137,5	12,1	12,1
Cataluña	129,4	12,8	12,8
Comunitat Valenciana	136,0	10,1	10,1
Extremadura	126,7	3,8	3,8
GALICIA	168,1	20,9	20,9
Madrid	139,6	9,1	9,1
Murcia	131,4	9,0	9,0
Navarra	144,7	18,0	18,0
País Vasco	138,9	11,9	11,9
Rioja, La	141,3	9,3	9,3

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Xaneiro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	107,8	1,2	1,2
Comercio	110,7	1,1	1,1
Venta e reparación de vehículos de motor	95,0	-2,9	-2,9
Comercio por xunto	123,9	1,9	1,9
Comercio ao retalho	106,3	1,3	1,3
Outros servizos	105,5	1,3	1,3
Transporte	100,2	-1,6	-1,6
Hostalería	94,7	6,3	6,3
Información e comunicacións	117,1	3,2	3,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	113,5	3,5	3,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	114,1	-3,5	-3,5
España			
Xeral	108,4	1,7	1,7
Comercio	107,4	1,1	1,1
Venta e reparación de vehículos de motor	105,6	1,5	1,5
Comercio por xunto	111,9	1,3	1,3
Comercio ao retalho	104,9	0,8	0,8
Outros servizos	108,9	2,2	2,2
Transporte	110,9	2,4	2,4
Hostalería	96,5	3,9	3,9
Información e comunicacións	120,7	5,0	5,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	112,4	3,2	3,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	114,2	-1,2	-1,2

Fonte: I.E.E. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por I.N.E.

Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Xaneiro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	108,4	1,7	1,7
Andalucía	105,9	1,9	1,9
Aragón	106,0	-1,0	-1,0
Asturias	104,1	0,4	0,4
Baleares, Illes	93,1	6,3	6,3
Canarias	106,2	3,7	3,7
Cantabria	103,4	-1,6	-1,6
Castilla y León	101,3	-0,1	-0,1
Castilla-La Mancha	110,0	1,7	1,7
Cataluña	111,7	2,2	2,2
Comunitat Valenciana	109,2	-0,2	-0,2
Extremadura	107,2	1,5	1,5
GALICIA	107,8	1,2	1,2
Madrid	111,6	2,8	2,8
Murcia	112,8	0,4	0,4
Navarra	108,1	0,2	0,2
País Vasco	106,0	1,1	1,1
Rioja, La	107,0	-0,1	-0,1

Fonte: N E